

G O L -

A LOITA POR UN FUTURO SOSTIBLE

F O D E

F O N -

S E C A

G O L -

A LOITA POR UN FUTURO SOSTIBLE

FO DE

F O N -

S E C A

No Golfo de Fonseca, converxen as augas do Pacífico que bañan as terras de Nicaragua, Honduras e O Salvador, conformando un ecosistema de elevada riqueza e biodiversidade, no que destaca a extraordinaria produtividade do manglar e a súa capacidade de multiplicar a vida nas zonas costeiras.

Dúas ONGs, Amigos da Terra e Agareso, colaboran para amosar as distintas realidades das mulleres e homes que habitan nas comunidades costeiras deste recuncho de Centroamérica. A súa loita pola supervivencia nun espectacular paraxe natural no que, as ameazas pola contaminación, o cambio climático, o efecto “El Niño”, a sobre explotación de recursos, a escaseza de choivas ou o uso de pesticidas, se suman aos problemas de extrema pobreza, elevada natalidade e analfabetización da maioría da poboación.

Un fotógrafo: Carlos Puga, tres xornalistas e un camarógrafo, visitaron durante doce días as comunidades máis empobrecidas: pequenas cooperativas de pescadores/as artesanais, leñateros, salineiras... para amosar a loita das xentes destas vilas por acadar un futuro mellor, axudados Amigos da Terra e gracias á Cooperación Galega e a Axencia Española de Cooperación Internacional; o esforzo na posta en marcha dunha organización trinacional que permita desenvolver leis que obriguen aos tres países a unha xestión adecuada dos recursos que permitan garantir o futuro do Golfo de Fonseca; o traballo de formación coas cooperativas para que sexan autosuficientes, para que melloren a súa produción e distribución sen sobre explotar o seu entorno; a construción de centros de acopio para dignificar o seu traballo ou a integración da muller no mapa económico, en definitiva lograr un manexo sostible e diversificado das áreas mariñas.

Con este proxecto puidemos beneficiar directamente a 500 pescadores e pescadoras, a través do traballo realizado polos socios locais de Amigos da Terra de Honduras Comité para a Defensa da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF), de Nicaragua Fundación Loitadores ao Desenvolvemento da rexión (LIDER), e de El Salvador Coodinación de Comunidades para o Desenvolvemento do Cacahuatique (CODECA) gracias á experiencia de máis de vinte anos os logros acadado neste traballo significan un avance importante nas políticas de xestión dos recursos mariños do Golfo de Fonseca.

Amigos da Terra/Agareso

ÍNDICE

- 9 Praia de Potosí. Nicaragua.
- 10 Vista aérea do Golfo de Fonseca.
- 11 Chegada do autobús ao concello de Puerto Morazán. Nicaragua.
- 12/13 Planta de despece do atún na factoría de Calvo. La Unión. El Salvador.
- 14/15 Cooperativa de mulleres en Potosí fabricando fariña de pescado. Nicaragua.
- 16 Pesca artesanal no litoral marítimo de Nicaragua no Golfo de Fonseca.
Captura de camarón na comunidade de Los Jíotes. El Salvador.
- 17 Longa espera sen capturas nas augas salvadoreñas do Golfo de Fonseca.
Pescadores volvendo á praia ao pecha da xornada en Potosí. Nicaragua.
- 18/19 Rúas de terra no concello de Puerto Morazán. Nicaragua.
- 20/21 Rapaz coa súa “paga” por axudar na descarga de peixe. Potosí. Nicaragua.
- 22 Nenos axudando a subir as barcas á praia. Potosí.
- 23 Nenos axudando a subir as barcas á praia. Illa de Amapala. Honduras.
- 24 Centro de acopio de Cedeño. Honduras.
- 25 Despedida das barcas que saen a faenar en Potosí. Nicaragua.
- 26 Praia de Cedeño. Honduras.
- 27 Tendido eléctrico na praia de Cedeño. Honduras.
- 28 Sala de hixiene na factoría de Calvo. La Unión. El Salvador.
- 29 Mulleres limpando peixe na liña de produción de Calvo. La Unión. El Salvador.
- 30/31 Preparando o peixe para a súa comercialización en Cedeño. Honduras.
- 32 Prato típico de pescado no Hostal Doña Rosita de Potosí. Nicaragua.
- 33 Prato de camaróns con arroz en Porto Morazán. Nicaragua.
- 34 Salineiros a traballar na comunidade de Los Jíotes. El Salvador.
- 35 Mulleres a envasar a sal na comunidade de Los Jíotes. El Salvador.
- 36 “Paila” da salineira de forno en Los Jíotes. El Salvador.
- 37 Salineiras solares no Golfo de Fonseca en El Salvador.
- 38 Posibles causas da contaminación no Golfo de Fonseca:
Restos de plásticos abandonados nas salineiras solares de El Salvador.
Unha das grandes extensións de maní en Potosí ás beiras do Golfo. Nicaragua.
- 39 Uso discriminado de fertilizantes en plantacións ao carón do Golfo. El Salvador.
Queima de lixo nas rúas de Potosí. Nicaragua.
- 40 Río que desemboca no Golfo procedente da capital cheo de plásticos. El Salvador.
- 41 Un gardarecursos mostra un peixe morto a causa da contaminación. Nicaragua.
- 42 A comunidade de Cedeño mobilízase para limpar o lixo do regato. Honduras.
- 43 Marisma de Cedeño. Honduras.
- 44/45 Xornada de limpeza no regato que rodea Cedeño. Honduras.
- 46/47 Subvencións con fondos galegos:
Pasarela de embarque no Golfo de Fonseca. Los Jíotes. El Salvador.
Centro de acopio da asociación de pescadores de Cedeño. Honduras.
Pasarela que atravesa o bosque de manglar de saída ao Golfo. El Salvador.
Barca para á comunidade de Los Jíotes. El Salvador.
- 48 Nena nas augas da praia de Potosí. Nicaragua.
- 49 Nena na praia Grande: Illa de Amapala. Honduras.
- 50/51 Nenos nas rúas de Potosí. Nicaragua.
- 52 Convencional medio de transporte en La Unión. El Salvador.
Nenos nas praias de Potosí. Nicaragua.
- 53 A bicicleta, un dos medios máis empregados en Nicaragua.
Taxi en Chinandega. Nicaragua.
- 54/55 Volcán activo de San Cristóbal. Nicaragua.
- 56 Comeza a viaxe ata a capital coa leña de manglar. Porto Morazán. Nicaragua.
- 57 Sete horas de viaxe ata a capital para vender por 50 dólares toda a carga.
- 58 A concienciación contribúe a que se abandone esta actividade que dana o manglar.
- 59 Os leñateiros son os cidadáns máis pobres na comunidade nicaraguense.
- 60/61 Un home cosendo redes na praia de Potosí. Nicaragua.
- 62/63 Praia Grande na Illa de Amapala. Honduras.
- 64/65 Carreiros transportando xente e mercancías no porto de La Unión. El Salvador.
- 66/67 Praia Grande na Illa de Amapala. Honduras.





























































Na estratexia de cooperación para o desenvolvemento que leva a cabo a Xunta de Galicia préstase unha especial importancia á cooperación financeira e técnica que se pode desenvolver naqueles ámbitos ou sectores nos que desde Galicia se pode aportar un maior valor engadido.

Un destes sectores no que a Galicia se lle reconece un importante desenvolvemento a nivel internacional, tendo en conta a súa experiencia especializada despois de anos de acumulación de saberes, é o sector pesqueiro, e máis concretamente o sector da pesca artesanal, presente nas accións de cooperación para o desenvolvemento pola súa vinculación coa seguridade alimentaria e coa xestión integral sostible dos recursos.

Tendo en conta pois o importante valor engadido que a nosa comunidade autónoma pode ofrecer á cooperación para ao desenvolvemento no sector pesqueiro, un dos obxectivos recollidos no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013 é o fomento de proxectos que contemplan o desenvolvemento pesqueiro e acuícola de base social e medioambientalmente sostible. O que se persegue con este obxectivo é a promoción de accións integrais de desenvolvemento que permitan mellorar no seu conxunto os sistemas de vida das poboacións, prestando especial atención ao fortalecemento organizacional de base e ao compromiso con procesos e estratexias cunha importante dimensión medio ambiental no presente, para non comprometer as opcións de desenvolvemento das xeracións futuras.

A vontade da cooperación galega de levar a cabo, directa ou indirectamente, actuacións de carácter integral no sector da pesca artesanal, foi a que a nos vinculou á asociación Amigos da Terra, dado que esta organización caracterízase pola visión que ten da cooperación, tratando sempre que os seus proxectos sexan integrais e inclúan aspectos de melloras económicas, sociais e medio ambientais, como é no caso das intervencións realizadas no Golfo de Fonseca en Centroamérica, que amosan en imaxes a través desta publicación, grazas a súa colaboración coa Asociación galega de reporteiros sen fronteiras (AGARESO).

Dende o ano 2005 e ata o 2009 Amigos da Terra obtivo financiamento da cooperación galega para a posta en marcha de actuacións de promoción e conservación dos recursos mariños e do incremento dos beneficios da pesca artesanal no Golfo de Fonseca, entrante protexido do océano pacífico que limita co Salvador, Honduras e Nicaragua. Esta intervención de longo alcance foi financiada por fases, de maneira que nos primeiros anos apoiouse o desenvolvemento de accións de manexo nas áreas naturais da Bahía da Unión no Salvador e do volcán Cosigüina en Nicaragua, e a partir de 2008 ampliouse o proxecto a Honduras. Deste xeito, o apoio aos pescadores artesanais non dependeu da nacionalidade dos mesmos, senón que beneficiou a unha gran parte dos pescadores artesanais da rexión, polo que o impacto sobre os manexo dos recursos naturais acadou unha maior dimensión.

Coa posta en marcha da intervención e o traballo incansable de Amigos da Terra e os demais actores locais, conseguiuase a mellora da calidade dos produtos obtidos da pesca artesanal, incrementándose con isto o seu valor agregado, a través fundamentalmente de capacitacións a pescadores e procesadores de peixe. Tamén a través de formación, asesoramento e apoio técnico, fortalecéronse as comunidades de pescadores e as súas organizacións. Por último, pero non por elo menos importante, o traballo de sensibilización realizado xerou a posta en marcha de actividades de explotación do recurso mais sostibles e protectoras do medio ambiente.

A relación establecida entre Amigos da Terra e AGARESO, froito da cal posibilitase esta publicación, é un exemplo de complementariedade que valoramos moi positivamente e esperamos se poida estender a outras intervencións e organizacións. A tan manida frase de que unha imaxe vale máis que mil palabras ven podería aplicarse a este caso, no que a través da fotografía o público en xeral coñece e faise partícipe a problemática que afrontan os pescadores artesanais no Golfo de Fonseca.

Jesús Gamallo Aller

Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

AMIGOS DA TERRA

Amigos da Terra constitúe a sección galega da federación de colectivos de Friends of the Earth, a rede ecoloxista internacional máis extensa do mundo e a que non casualmente conta con maior presenza nas rexións e países empobrecidos do planeta, aquelas áreas nas que o conflito entre a humanidade e o seu entorno móstrase con especial dureza e consecuentemente donde máis vítimas inocentes sufren a violencia contra a natureza e contra as persoas.

Amigos da Terra é unha organización ecoloxista cun fondo compromiso social, que destaca por plantexar unha actitude de defensa do medio ambiente, firme e realista, participativa e construtiva, a nosa misión é a capacitación para a acción e o fomento do cambio local e global cara a unha sociedade respectuosa co medio ambiente, equitativa, xusta e solidaria e a nosa metodoloxía pasa por mostrar alternativas viables e concretas para acadar o obxectivo dun imprescindible cambio social e dun novo modelo de actuar conscientemente cos límites do noso planeta.

A cooperación ao desenvolvemento representa para Amigos da Terra un pilar determinante e diferencial, xa que exemplifica dun xeito claro que a degradación do medio ambiente constitúe unha forma de privación de capacidades que afecta directamente á calidade de vida e a supervivencia das persoas, polo que é preciso que os proxectos de cooperación ao desenvolvemento incorporen transversalmente desenvolvemento humano e sostibilidade ecolóxica como conceptos indivisibles.

O enfoque socioambiental que Amigos da Terra lle da a Cooperación desde o seus comezos permitiu ao longo destes anos acadar logros importantes nos procesos de desenvolvemento ambiental e humano, entre eles podemos mencionar: planificación participativa de áreas protexidas, visión multidimensional de desenvolvemento, usos sustentables dos recursos, implicación de todos os actores e axentes sociais (governos locais, comunidades, institucións públicas, etc.), participación de todos e todas as persoas beneficiarias en todas as fases do proxecto, elaboracións de plans de ordenamento de áreas protexidas, capacitación e implementación de técnicas eficientes, apoio á xestión descentralizada de áreas protexidas e educación ambiental para o desenvolvemento, eixe fundamental a todas as fases dos nosos proxectos.

Consideramos que non existe un desenvolvemento sustentable posible sin a preservación dos procesos ecolóxicos esenciais para a vida. O único camiño para un verdadeiro desenvolvemento é aquel que protexe e garante a continuidade das bases ambientais. Polo tanto, para manter a saúde da biosfera é necesario garantir o desenvolvemento integral (social, económico, cultural) da sociedade humana.

As distintas fases dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento evolucionan moitas veces con etapas longas, pero máis de dúas décadas de traballo en terreo conxuntamente cos axentes sociais nos ofrecen xa unha perspectiva cuantitativa medible, pero especialmente avaliable cualitativamente.

O resultado, que sigue vivo e crecendo, coincide con a filosofía central do traballo de Amigos da Terra: Facer as cousas e o mellor xeito, seguramente o único xeito coherente, de decir as cousas.

En defensa da continuidade da vida neste único e aínda fermoso planeta, pois no fondo non somos máis que simples representantes da vida. Apenas un pequeno pedaciño de natureza.

Anton Lois

Responsable de comunicación de Amigos da Terra

AGARESO: A comunicación social en múltiples vertentes

Agareso nace coa finalidade de converterse nunha rede sólida, comprometida e plural no sector da comunicación de Galicia e España. A principal misión céntrase en difundir, promocionar e visibilizar temáticas relacionadas coas accións sociais e os proxectos de cooperación e solidariedade, xa sexan propios ou alleos á organización na plataforma multimedia www.agareso.org

O colectivo pretender ser o amplificador social do continuado traballo que en materia social e de cooperación ao desenvolvemento levan realizado desde hai anos diversas entidades, institucións, ONGD's ou asociacións no ámbito autonómico e estatal. A xeración de materiais audiovisuais, reportaxes, programas de radio ou publicación regular de información convértense en elementos fundamentais para facer visibles as diversas iniciativas das organizacións de carácter social.

Ademais, búscase xerar vínculos e alianzas con outros colectivos de similares características, independentemente da súa estrutura, co obxectivo de crear sinerxías no deseño de novos proxectos, así como compartir experiencias e aunar esforzos.

Entre outros obxectivos dos reporteiros tamén se atopa a potenciación da educación, formación e reciclaxe dos profesionais da comunicación no tratamento e elaboración de informacións de carácter social. Búscase así, aumentar a conciencia e sensibilidade na abordaxe noticias de contido social que, na actualidade, son elaboradas e publicadas con baixos niveis de profundidade.

Facer uso de plans e programas de Comunicación para o Desenvolvemento coa finalidade de achegar coñecemento e habilidades na transmisión correcta de información en sociedades e comunidades desfavorecidas son parte do fundamento do marco teórico/práctico de Agareso. Utilizar ferramentas e técnicas propias da comunicación como valor capital no desenvolvemento de persoas e mellorar as súas condicións de vida é unha prioridade das accións da organización.

Agareso marcou a obrigaón de investigar e aplicar a comunicación social nas súas múltiples vertentes con beneficios colectivos e solidarios.

Juan De Sola Vollbrecht

Presidente de Agareso

CRÉDITOS

AMIGOS DA TERRA:

Presidenta: Paula Vidal Abalo

Secretario: Manuel Coya

Tesoureira: Susana Soto

Vocal: Antón Lois

AGARESO:

Presidente: Juan De Sola Vollbrecht

Vicepresidenta: Natalia Puga

Secretario: Alejandro Espiño

Tesoureiro: Roberto Baquero

Vocais: Roi Palmás, Estrella López, Carlos Fariña, Loreto Costa

TRABALLO:

Produción: Amigos da Terra

Organización proxecto: Judith Sing (Amigos da Terra)

Organización traballo: Judith Sing (Amigos da Terra), Juan de Sola, Estrella López y Eva Alonso (Agareso)

Xornalistas:

Eva Alonso: xornalista

Cristóbal Martín: operador de cámara

Estrella López: xornalista

Laura López: xornalista

Carlos Puga: fotógrafo

Representantes de Amigos da Terra:

El Salvador: Joel Thomas

Nicaragua: Guillermo Rodríguez

Honduras: Ramón Cucurul

Guías:

El Salvador: Ingrid e Nicolás (voluntarios de Amigos da Terra)

e Alcides Sorto, Ismael Torres e José Santos (Gardarecursos e membros de Codeca)

Nicaragua: William Areas e Néstor Díaz (Lider)

Honduras: Saúl Montúfar (Coddeffagolf)

LIBRO:

Produción: Amigos da Terra

Coordinación: Judith Sing (Amigos da Terra)

Fotografía: Carlos Puga

Edición: Carlos Puga

Deseño: Mónica Vila

Preimpresión: Alejandro Novoa – imagen a2

Imprenta: Anduriña

EXPOSICIÓN:

Características:

61 fotos

Papel: Innova Smooth cotton High White 215 gm2

Tamaño: 48,5x65 cm

Fotografía: Carlos Puga

Tratamento imaxen: Mónica Vila

Copiado: Taller de impresión: zlick

Enmarcado: Artemarco

AUDIOVISUAL: 14 minutos

Fotografía: Carlos Puga

Idea e coordinación: Carlos Puga

Multimedia: Estrella López, Eva Alonso

Montaxe: Alejandro Novoa- imagen a2

DOCUMENTAL: 28 minutos

Operador de Cámara: Cristóbal Martín

Xornalista: Laura López

Montaxe: Cristóbal Martín

Guión: Laura López

Ambientación musical: Roberto Cortés

Colaboración: CG Producciones

© das imaxes: Carlos Puga

© dos textos: os seus autores

© 2011, da edición: Amigos da Terra

Depósito Legal: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx



Amigos
da Terra



agareso
cooperación galega



MINISTERIO
DE ASUNTOS EXTERIORES
Y DE COOPERACION



aecid



XUNTA
DE GALICIA



cooperación galega